

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

72 *Real decreto 1916/2008, do 21 de novembro, polo que se regula a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros.*

I

A iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros ten por finalidade apoiar financeiramente os plans de renovación, modernización e reconversión integral de destinos turísticos maduros que desenvolvan as administracións locais e as empresas turísticas privadas.

Desde a súa posta en marcha en 2004, a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros revelou unha enorme potencialidade á hora de adecuar aqueles dos nosos destinos turísticos con maior proxección nos mercados turísticos internacionais aos novos requirimentos da demanda.

Porén, o ambicioso proxecto que a iniciativa trata de abranguer requiriu que a súa normativa básica, que estaba contida na disposición adicional cuadraxésimo novena da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, tivese que ser modificada en catro ocasións: polo artigo 24 da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso da produtividade; pola disposición adicional sexaxésimo terceira da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006; e pola disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, que pola súa vez foi modificada pola disposición derradeira décimo cuarta, número dous, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.

Aínda que non se pode afirmar que o período de reaxustes legais da súa regulación básica concluíu, o certo é que na actualidade a tarefa que resta por completar é adecuar o seu réxime regulamentario á nova configuración legal. En última instancia, e froito da experiencia acumulada ata o momento, a tarefa que se aborda neste real decreto é adecuar os instrumentos operativos da iniciativa co fin de garantir o mellor cumprimento posible das finalidades para as cales foi concibida.

Ademais, tamén era necesario incardinar a iniciativa nas coordenadas do «Plan de Turismo Español Horizonte 2020-Plan do Turismo Español 2008-2012», que foi aprobado pola Conferencia Sectorial de Turismo o día 7 de novembro de 2007 e polo Consello de Ministros o 8 de novembro de 2007. O obxectivo do plan é lograr que o sistema turístico español sexa o máis competitivo e sustentable, dando o máximo benestar posible, nese horizonte temporal. Para iso, un dos cinco eixes de actuación que o plan aborda é o da sustentabilidade do modelo turístico español, a través de diversas estratexias entre as cales destaca a definición dun programa de recualificación de destinos turísticos maduros. Perséguese con el impulsar a transformación deste tipo de destinos, para os adaptar a contorno crecentemente competitivo que asegure a xeración dun maior beneficio económico, social e ambiental.

II

En definitiva, ao abeiro das circunstancias expresadas, as principais novidades que se introducen na nova regulación regulamentaria da iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros tenden a ampliar o alcance e os instrumentos da iniciativa para asegurar un impacto maior das actuacións financiadas.

Neste sentido, por un lado, diversifícanse as fórmulas de financiamento posibles con cargo ao Fondo financeiro do Estado para a modernización das infraestruturas turísticas (FOMIT). Xunto aos préstamos a longo prazo e baixo tipo de xuro a concellos e entes dependentes, a Lei 51/2007, do 26 de decembro, e este real decreto prevén a posibilidade

de utilizar o fondo para financiar os desembolsos de achegas que a Administración xeral do Estado poida efectuar ao capital social daquelas sociedades que constituía ou en que poida participar e cuxo obxecto sexa a renovación de destinos turísticos maduros. Igualmente, régúlase a posibilidade de que fondos do FOMIT se constituían en garantía sen contraprestación, para asegurar os préstamos que outorgue, de ser o caso, o Instituto de Crédito Oficial (ICO) a favor dos beneficiarios do propio fondo.

E, por outro, ábrese a posibilidade de que sexan financiáveis, xunto aos plans de entidades locais e organismos dependentes, os proxectos que se desenvolvan no marco dun plan de reconversión ou modernización integral dun destino turístico maduro, cuxa execución realice unha entidade constituída para o efecto pola Administración xeral do Estado, con outra ou outras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas.

III

Este real decreto dítase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, recollida no artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Atendendo á distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, o real decreto prevé a participación activa das autoridades autonómicas na tramitación das solicitudes, e recolle ademais a posibilidade de que as liñas de financiamento que se establecen se poidan complementar e sexan compatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada por outras administracións públicas de ámbito nacional ou supranacional, co obxecto de salvagardar o principio de cooperación institucional e de respecto ás respectivas competencias.

En atención aos fins perseguidos pola iniciativa nas súas tres liñas de financiamento (operacións con cargo ao FOMIT; apoio aos tipos de xuro da liña privada; e axudas complementarias) optouse por concentrar os recursos para garantir que os fondos asignados anualmente polos orzamentos xerais do Estado xeren un efecto demostración a través de proxectos de alto impacto de reconversión ou modernización integral de destinos maduros con proxección internacional. En definitiva, só concentrando os limitados recursos dispoñibles naqueles destinos onde teña maior repercusión a iniciativa, estaremos en condicións de fomentar a adopción de iniciativas similares por parte doutros axentes públicos e privados de forma que a nosa oferta turística se adapte ás novas tendencias do mercado e potencie os nosos produtos e destinos nos mercados turísticos internacionais.

Este real decreto foi sometido á consideración das comunidades autónomas, na reunión da Mesa de Directores Xerais de Turismo do 20 de maio de 2008, e dos entes locais reunidos na Comisión de Turismo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, co informe do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 21 de novembro de 2008,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros, en desenvolvemento do disposto na disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, que foi modificada pola disposición derradeira décimo cuarta, número dous, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008.

2. A iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros ten por finalidade apoiar financeiramente os plans de renovación e modernización de destinos turísticos maduros que desenvolvan paralelamente as administracións locais e as empresas turísticas privadas.

Tamén se poderán apoiar financeiramente aqueles proxectos que se desenvolvan no marco dun plan de reconversión ou modernización integral dun destino turístico maduro, cuxa execución realice unha entidade constituída para o efecto pola Administración xeral do Estado, con outra ou outras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas.

Artigo 2. *Liñas de financiamento.*

A execución desta iniciativa poderase canalizar por algunha ou algunhas das vías seguintes:

- a) Operacións realizadas con cargo ao Fondo financeiro do Estado para a modernización das infraestruturas turísticas (FOMIT).
- b) Apoio aos tipos de xuro da liña de financiamento do Instituto de Crédito Oficial (ICO) para actividades turísticas privadas.
- c) Axudas complementarias aos plans de dinamización turística.

Artigo 3. *Proxectos financiáveis.*

1. Poderanse acoller ás liñas de financiamento a que se refiren as alíneas a) e b) do artigo 2 os proxectos públicos e/ou privados que se desenvolvan no ámbito territorial de entidades locais que se consideren destinos turísticos maduros.

Para os efectos de aplicación deste real decreto, terán a consideración de destinos turísticos maduros, en atención aos recursos turísticos e á oferta turística regrada de que dispoñan, os que reúnan polo menos tres das seguintes características:

- a) Sobrecarga urbanística e ambiental.
- b) Sobreexplotación de recursos.
- c) Obsolescencia dos seus equipamentos turísticos.
- d) Escaso investimento do sector turístico privado.
- e) Oferta e demanda turística estabilizada ou decrecente.

2. Poderanse acoller ás axudas a que se refire a alínea c) do artigo 2 aquelas entidades locais, consorcios locais ou asociacións de municipios que subscribisen un convenio de colaboración para o desenvolvemento dun plan de excelencia, dinamización e competitividade do produto turístico, que se encontre en vigor e que fose aprobado na Mesa de Directores Xerais de Turismo e ratificado na Conferencia Sectorial de Turismo.

Artigo 4. *Compatibilidade de axudas.*

1. As liñas de financiamento establecidas neste real decreto serán compatibles con calquera outra axuda ou subvención que outorguen outras administracións públicas, autonómicas ou locais, organismos nacionais ou supranacionais, sometidos, de ser o caso, á normativa comunitaria vixente, sempre que non superen o custo do proxecto para o cal se solicita financiamento.

2. Para asegurar o cumprimento das condicións recollidas no punto anterior, exixirase ás entidades solicitantes unha declaración responsable acerca de todas as axudas públicas ou de *minimis* que teñan concedidas ou solicitadas para o mesmo proxecto que se pretenda financiar.

Artigo 5. *Control parlamentario.*

Con periodicidade anual, o Goberno remitirá ao Congreso dos Deputados e ao Senado un informe sobre o desenvolvemento da xestión da iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros. Este informe conterá información sobre os proxectos financiados e a

súa contía por cada modalidade de financiamento, así como sobre os beneficiarios finais, incluíndo unha valoración dos resultados alcanzados.

CAPÍTULO II

Fondo financeiro do Estado para a modernización das infraestruturas turísticas (FOMIT)

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 6. *Réxime xurídico.*

1. O Fondo financeiro do Estado para a modernización das infraestruturas turísticas (FOMIT) réxese polas normas contidas na disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, na redacción dada a esta pola disposición derradeira décimo cuarta, número dous, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, e polas disposicións deste real decreto.

2. Conforme o disposto no artigo 2.2, da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, o FOMIT carece de personalidade xurídica e seralle de aplicación o disposto na dita lei e nas normas que a desenvolvan en canto ao seu réxime orzamentario, económico-financieiro, contable e de control.

Artigo 7. *Recursos.*

1. Os recursos para financiar as operacións con cargo ao FOMIT provirán das dotacións que ao fondo asignen anualmente os orzamentos xerais do Estado, dos remanentes de exercicios anteriores e das devolucións ou retornos de operacións realizadas con cargo a el.

2. As achegas patrimoniais ao fondo que especificamente recollan as sucesivas leis anuais de orzamentos xerais do Estado serán transferidas ao ICO tras a entrada en vigor da lei de orzamentos de cada exercicio.

Artigo 8. *Administrador financeiro.*

1. O FOMIT estará adscrito e será xestionado pola Secretaría de Estado de Turismo, e a súa administración financeira corresponderá ao ICO.

2. O ICO remunerará o Fondo financeiro do Estado para a modernización das infraestruturas turísticas ao tipo de xuro que se estableza mediante convenio suscrito entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o ICO, en función do custo que represente para este a captación de recursos no mercado.

3. A Administración financeira do FOMIT polo ICO suporá un custo de xestión que será liquidado, con cargo ao mencionado fondo, con base nas contías dispostas nesta liña de financiamento, e cuxo importe será establecido no convenio previsto no punto anterior.

Artigo 9. *Proxectos financiáveis.*

1. Poderán ser obxecto de financiamento os proxectos de investimento públicos que executen en destinos turísticos maduros as entidades locais.

2. Serán financiáveis aqueles proxectos orientados á reforma ou rehabilitación dos equipamentos turísticos municipais ou os contornos urbanos e naturais do destino, os cales poderán conter unha ou varias das seguintes actuacións:

a) Construción, ampliación, renovación ou remodelación de infraestruturas públicas municipais.

b) Instalación, substitución ou reparación de equipamentos turísticos.

c) Establecemento, ampliación ou mellora de servizos públicos municipais que melloren a oferta turística.

d) Investimentos dirixidos a recuperar a calidade ambiental e paisaxística dos destinos e a reducir a densidade urbanística das zonas turísticas.

e) Tamén se poderá incluír como investimento o estudo, a creación de produto turístico ou a promoción de destinos turísticos, por un importe máximo que non exceda o 15 por cento do investimento neto, sempre que estes conceptos estean ligados ao resto do investimento.

3. En ningún caso serán financiáveis reestruturacións de pasivo ou refinanciamentos, IVE ou outros impostos ligados ao investimento, nin proxectos xa executados.

Artigo 10. *Tipos de operacións.*

Con cargo ao FOMIT poderanse realizar os seguintes tipos de operacións:

a) O desembolso das achegas que a Administración xeral do Estado poida efectuar ao capital social daquelas sociedades que constituía ou nas cales poida participar.

b) O outorgamento de préstamos con longos prazos de amortización, incluíndo períodos de carencia e baixos tipos de xuro.

c) A constitución en garantía sen contraprestación, para asegurar os préstamos que outorgue, de ser o caso, o ICO a favor dos beneficiarios do propio fondo.

SECCIÓN 2.^a ACHEGAS AO CAPITAL SOCIAL

Artigo 11. *Requisitos.*

Mediante resolución do secretario de Estado de Turismo, e con cargo ao FOMIT, poderase efectuar o desembolso das achegas que a Administración xeral do Estado poida realizar ao capital social daquelas sociedades que constituía ou nas cales poida participar no marco do previsto nesta iniciativa.

A realización deste tipo de operacións requirirá a súa autorización previa, conforme o disposto nos artigos 171 e 172 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

O importe máximo anual por cada operación deste tipo será de 25 millóns de euros.

SECCIÓN 3.^a PRÉSTAMOS BONIFICADOS

Artigo 12. *Requisitos.*

Poderán ser obxecto de financiamento nesta modalidade os proxectos de investimento públicos que se desenvolvan no ámbito territorial dunha entidade local sempre que, no dito ámbito, haxa investimentos do sector turístico privado que se desenvolvan paralelamente aos públicos e cuxa contía neta represente, como mínimo, o 30 por cento do importe que se pretende financiar.

Entenderase que os investimentos privados se desenvolven paralelamente aos públicos cando se enmarquen no contexto dunha planificación previa de carácter público ou exista unha notoria identidade de obxectivos e finalidades encamiñada á recualificación ou modernización do destino maduro.

Artigo 13. *Características.*

1. Con cargo ao FOMIT poderanse outorgar préstamos con longos prazos de amortización, incluíndo períodos de carencia e baixos tipos de xuro, que respondan ás seguintes características:

a) Consistirán en préstamos por importe do 100 por cento do investimento neto financiável, excluídos os impostos ligados ao investimento, cun límite máximo de 6 millóns de euros e un mínimo de 300.000 euros por beneficiario e ano.

b) Os préstamos concederanse ao tipo de xuro que se determine por orde ministerial do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio co acordo previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

c) Poderán ser beneficiarios destes préstamos as entidades locais enumeradas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 abril, de bases do réxime local, os organismos autónomos locais, as entidades públicas empresariais locais e as sociedades mercantís locais.

2. Con carácter excepcional, os préstamos con cargo ao FOMIT poderán superar o límite da contía establecida na epígrafe anterior, ata un máximo de 25 millóns de euros, cando se trate de financiar proxectos que se desenvolvan no marco dun plan de reconversión ou modernización integral dun destino turístico maduro, cuxa execución a realice unha entidade constituída para o efecto pola Administración xeral do Estado, con outra ou outras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas.

3. Mediante orde ministerial poderanse modificar as características financeiras e contías máximas dos préstamos, indicados na epígrafe anterior, co acordo previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Artigo 14. *Apertura e presentación de solicitudes.*

1. O secretario de Estado de Turismo poderá efectuar, para cada exercicio orzamentario, a correspondente convocatoria de concesión de préstamos con cargo ao FOMIT, que deberá ser publicada no Boletín Oficial del Estado.

A convocatoria fixará o volume de recursos do FOMIT que se destinan a préstamos na correspondente convocatoria.

2. As solicitudes de préstamos con cargo ao FOMIT presentaranse, dentro do prazo fixado para o efecto pola resolución de convocatoria anual, en calquera das entidades de crédito mediadoras coas cales o ICO subscribíse o correspondente acordo de mediación.

Artigo 15. *Contido das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse por triplicado exemplar, orixinal e dúas copias, no modelo normalizado que se faga público na convocatoria. Ese modelo farase público tamén na páxina web do ICO.

Estes modelos normalizados solicitarán das entidades interesadas o seu consentimento para que se ceda ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio información doutras administracións públicas que acredite estaren ao día das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Así mesmo, deberase acreditar estar ao día cos compromisos de pagamento que teñan contraídos co ICO e coa Administración xeral do Estado por calquera concepto.

As solicitudes deberán ir acompañadas de tres discos compactos (CD) en que se inclúan dixitalizados todos os seus documentos, incluída a propia instancia normalizada.

2. Á solicitude xuntaránselle o orixinal e dúas copias da documentación seguinte:

a) Memoria do proxecto ou proxectos de investimento e das actuacións que comprenden.

b) Orzamento de cada unha das actuacións, en que conste detallado o importe do IVE.

c) Memoria explicativa da súa adecuación aos fins de renovación e modernización do destino, como destino turístico.

d) A acreditación dos investimentos netos correspondentes ao sector turístico privado, no ámbito territorial da entidade solicitante do préstamo, que representen como mínimo o 30 por cento da contía do préstamo pedido.

Para tal efecto, unicamente serán computables os investimentos do sector turístico privado que se iniciasen a partir do exercicio anterior ao da presentación da solicitude.

Así mesmo, os investimentos acreditados nunha solicitude, e que fosen computados para a concesión dun préstamo con cargo ao FOMIT, non se poderán volver presentar nas seguintes solicitudes.

e) Declaración responsable de non estar nalgunha das circunstancias detalladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lles sexan de aplicación.

3. A acreditación do investimento do sector turístico privado efectuarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

- a) Resumo dos datos básicos do proxecto ou proxectos de investimento.
- b) Copia compulsada das preceptivas licenzas ou autorizacións de obras outorgadas polo concello ou, de ser o caso, copias compulsadas das súas solicitudes.
- c) Orzamento neto do proxecto ou proxectos de investimento, excluído o IVE.
- d) Certificación municipal sobre a data de inicio das obras e prazo de execución.
- e) Certificado do alcalde ou presidente do correspondente ente local, acreditativo de que os investimentos do sector turístico privado se efectúan coa finalidade de mellorar a posición turística do destino, de forma coordinada co sector público local.

Artigo 16. *Tramitación.*

1. Corresponde á Secretaría de Estado de Turismo a ordenación e instrución do procedemento de concesión de préstamos con cargo ao FOMIT.

2. Con independencia do anterior, a entidade financeira poderá admitir ou rexeitar a operación, de acordo cos seus criterios internos en materia de riscos, no prazo dun mes, contado desde a data de presentación da solicitude. Á dita solicitude deberase xuntar a documentación sinalada no artigo 15.

No caso de admisión da operación pola entidade financeira, esta remitirá orixinal e dúas copias de todas as solicitudes ao ICO.

3. O ICO, comprobada a documentación recibida, remitirá o orixinal das solicitudes á Secretaría de Estado de Turismo e a copia destas ao órgano competente en materia de turismo das comunidades autónomas respectivas, no prazo máximo de quince (15) días, contados desde o seguinte ao da entrada no ICO das solicitudes remitidas pola entidade financeira.

4. A comunidade autónoma efectuará unha primeira valoración das solicitudes, comprobando especialmente que os proxectos cumpren os requisitos establecidos neste real decreto e priorizaraas para os efectos do previsto no artigo 20.

Do resultado da avaliación, a comunidade autónoma efectuará un informe técnico que remitirá á Secretaría de Estado de Turismo e ao ICO, no prazo máximo dun mes desde a recepción das solicitudes.

O informe emitido pola comunidade autónoma será vinculante no caso de ser contrario á concesión do préstamo, e considerárase favorable no caso de non ser emitido no prazo establecido.

Artigo 17. *Prazo de resolución.*

1. A tramitación do procedemento, incluíndo a resolución e notificación aos interesados, non poderá exceder nove meses contados a partir da data de peche da convocatoria.

2. Transcorrido o prazo máximo sinalado no punto anterior sen se ter notificado resolución ao interesado, entenderase desestimada a solicitude, ao abeiro do previsto na disposición adicional sexta da Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 25.5 da mesma lei.

Artigo 18. *Criterios de avaliación.*

1. As solicitudes de financiamento con cargo ao FOMIT serán avaliadas conforme os seguintes criterios e coa ponderación que se indica:

- a) Localización dos investimentos (10 %).
- b) Coherencia, concreción, definición e xustificación das actuacións propostas (10 %).
- c) Contribución a mellorar a sustentabilidade do destino (12 %).

- d) Contribución á mellora da xestión ambiental a través do uso de tecnoloxías ambientais (12 %).
 - e) Contribución á mellora da accesibilidade de persoas con discapacidade (10 %).
 - f) Contribución á rehabilitación urbanística do municipio (12 %).
 - g) Contribución á mellora da calidade dos equipamentos e servizos turísticos (12 %).
 - h) Contribución á diversificación da oferta e desestacionalización da demanda turística (12 %).
 - i) Contribución á aplicación das novas tecnoloxías da información e da comunicación (10 %).
2. Cada solicitude de préstamo resultará cualificada de forma global de 0 a 100 puntos. Atendendo ás puntuacións obtidas, ordenadas de maior a menor, poderán ser obxecto de préstamo todas aquelas solicitudes ata que se esgote o importe global da liña de financiamento para o exercicio orzamentario.

Artigo 19. *Comisión de Valoración.*

1. Créase a Comisión de Valoración de Préstamos con cargo ao FOMIT, como órgano colexiado consultivo adscrito á Secretaría de Estado de Turismo, para o apoio e asesoramento técnico a esta en materia de concesión de préstamos bonificados con cargo ao FOMIT.

2. A Comisión estará integrada polos seguintes membros:

- a) O director xeral do Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA), que actuará como presidente.
- b) A subdirectora xeral de Planificación e Sustentabilidade de TURESPAÑA, que actuará como relatora, e outro membro da dita subdirección xeral designado por esta que actuará como secretario, con voz pero sen voto.
- c) Un representante do Ministerio de Economía e Facenda.
- d) Un representante do Ministerio de Administracións Públicas.
- e) Un representante do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño.
- f) Un representante do Ministerio de Vivenda.
- g) Un representante do ICO.

3. A Comisión funcionará en pleno, sen prexuízo dos grupos de traballo que crea oportuno establecer para o mellor desempeño das súas funcións.

As reunións da Comisión serán convocadas polo presidente, xa sexa pola súa propia iniciativa ou por petición motivada de dous dos seus membros.

A Comisión de Valoración acomodará o seu funcionamento ao réxime previsto para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Serán funcións da Comisión:

- a) Avaliar e formular unha proposta de resolución de concesión ou denegación das solicitudes de préstamos bonificados con cargo ao FOMIT.
- b) Formular iniciativas, propostas e suxestións en relación cos criterios de valoración das solicitudes de préstamos.
- c) Cantos outros labores de asesoramento técnico lle sexan encomendados pola Secretaría de Estado de Turismo.

5. A actividade da Comisión non suporá incremento ningún do gasto público e será atendida cos medios materiais e de persoal de TURESPAÑA.

Artigo 20. *Valoración e proposta de resolución.*

1. A valoración das solicitudes recibidas efectuarase a partir dos criterios establecidos no artigo 18 e á vista do informe da correspondente comunidade autónoma, se o emitise no prazo establecido.

2. A partir da puntuación obtida por cada solicitude e á vista do criterio da comunidade autónoma respectiva, a Comisión de Valoración formulará unha proposta de resolución de

concesión ou denegación das solicitudes de financiamento con cargo ao FOMIT. A proposta de resolución será elevada ao secretario de Estado de Turismo.

Artigo 21. *Resolución e notificación.*

1. Correspóndelle ao secretario de Estado de Turismo ditar resolución de concesión ou denegación das solicitudes de financiamento con cargo ao FOMIT. Esa resolución, que deberá ser motivada, determinará a contía outorgada e porá fin á vía administrativa.

2. A Secretaría de Estado de Turismo comunicarlles a resolución de autorización ou denegación da liña de financiamento con cargo ao FOMIT aos interesados, ao ICO, e ás respectivas comunidades autónomas.

3. Unha vez recibida a resolución favorable, o ICO emitirá autorización financeira á entidade de crédito mediadora, para que no prazo máximo de dous meses, ampliable por outro mes baixo petición expresa e razoada do beneficiario ou da entidade de crédito a un mes adicional, formalice a operación de financiamento.

En todo caso, con carácter previo á formalización da operación, a entidade beneficiaria deberá acreditar que obtivo a autorización de endebedamento regulada no artigo 53 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; no artigo 23 do Real decreto legislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria; e no artigo 25 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

Artigo 22. *Recursos.*

1. A resolución do secretario de Estado de Turismo de concesión ou denegación das solicitudes de préstamos con cargo ao FOMIT, que pon fin á vía administrativa, poderá ser impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

2. Potestativamente, as administracións locais e entidades de dereito público poderán efectuar o requirimento previo previsto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e as entidades de dereito privado dependentes delas poderán presentar recurso de reposición, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de dous meses e un mes, respectivamente, a partir da notificación da resolución.

Artigo 23. *Prazo de execución.*

O prazo máximo de execución das actuacións financiadas será de catro anos, contado a partir da data de formalización da operación de financiamento.

Artigo 24. *Xustificación e seguimento.*

1. Corresponde ás comunidades autónomas levar a cabo o control e seguimento das actuacións financiadas con cargo ao FOMIT, verificando a súa adecuación aos proxectos presentados e a súa execución nos prazos previstos.

2. As comunidades autónomas informarán a Secretaría de Estado de Turismo da execución dos investimentos.

3. O ICO poderá solicitar, das entidades financeiras e das comunidades autónomas, toda a información e documentación que considere necesaria para efectuar o control do financiamento concedido, vía préstamos, con cargo ao FOMIT, seguindo os procedementos habituais da Área de Supervisión e Seguimento do ICO.

4. O ICO remitirá á Secretaría de Estado de Turismo, con periodicidade semestral, un informe sobre a evolución e incidencias das liñas de financiamento.

Artigo 25. *Reintegro por incumprimento.*

1. O incumprimento da obriga de destinar o financiamento obtido ás actuacións para as cales se solicitou dará lugar á revogación da concesión outorgada, coa conseguinte obriga de reintegrar esas cantidades, máis o xuro de demora desde o momento en que se fixo efectiva a súa transferencia.

2. O procedemento de reintegro rexeráse polas disposicións establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. O procedemento iniciarase de oficio, logo do informe da comunidade autónoma respectiva. Corresponde a súa resolución ao secretario de Estado de Turismo.

4. A resolución do secretario de Estado de Turismo porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada nos termos expresados no artigo 22.

5. O prazo máximo de tramitación do procedemento de reintegro será de seis meses desde que se dite o correspondente acordo de iniciación.

SECCIÓN 4.^a CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS

Artigo 26. *Requisitos.*

1. Mediante resolución do secretario de Estado de Turismo, e sempre que sexa aprobada a operación de financiamento polos órganos competentes do ICO, o FOMIT poderase constituír en garantía daquelas operacións de préstamo outorgadas polo ICO a favor de entidades que pola súa vez sexan beneficiarias do fondo. A garantía será sen contraprestación, e de carácter subsidiario respecto do debedor do préstamo, en caso de que este non pague todo ou parte do préstamo nos prazos fixados.

A constitución destas garantías queda sometida ás autorizacións previas previstas na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

2. Unha vez ditada a resolución polo secretario de Estado de Turismo, a entidade pública beneficiaria poderá solicitar o financiamento ao ICO. Esa resolución non confire ao beneficiario dereito a obter o financiamento que solicite ao ICO.

3. O contrato de préstamo que, de ser o caso, outorgue o ICO deberase formalizar no prazo de tres meses contados desde a resolución do secretario de Estado de Turismo. Este prazo poderase ampliar en función das circunstancias concorrentes.

Na aprobación da operación polos órganos do ICO estableceranse as condicións financeiras da operación de financiamento. As condicións específicas da garantía do FOMIT serán fixadas polo secretario de Estado de Turismo na resolución de concesión da dita garantía. Na mesma resolución determinarase a autoridade ou funcionario da Secretaría de Estado que concorrerá coas demais partes á formalización da garantía autorizada.

4. En todo caso, a constitución en garantía do FOMIT implicará que este responde fronte ao ICO do cumprimento da obriga de reembolso das cantidades debidas en concepto de préstamo por amortización de principal e os xuros remuneratorios xerados, ata un importe máximo de 25 millóns de euros, excluindo os xuros de demora e as comisións ou outros posibles gastos derivados da operación.

5. En caso de execución da garantía a cargo do FOMIT, xurdirá a favor deste acción de reembolso fronte á entidade debedora en cuxo favor se constituíu a garantía, pola totalidade da cantidade aboada máis os xuros de demora que correspondan, unha vez transcorrido o prazo de reembolso que para o efecto fixe o secretario de Estado de Turismo nas condicións de outorgamento.

CAPÍTULO III

Apoio aos tipos de xuro da liña de financiamento do Instituto de Crédito Oficial para actividades turísticas privadas

Artigo 27. *Requisitos.*

1. O ICO e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio subscribirán un convenio de colaboración en que se establecerán as condicións para a apertura dunha liña de mediación do ICO, destinada a financiar proxectos turísticos privados.

2. Eses proxectos de investimento financiados ao abeiro da citada liña serán susceptibles de ser bonificados parcialmente no tipo de xuro con cargo á partida orzamentaria habilitada para o efecto.

3. Serán subvencionables os proxectos de investimento de empresas turísticas privadas que se executen en destinos turísticos maduros, aínda que no mesmo ámbito territorial non se leve a cabo un proxecto público que solicite a liña de financiamento con cargo ao FOMIT.

Os proxectos subvencionables poderán conter unha ou varias das seguintes actuacións:

- a) Actuacións en hoteis e noutros aloxamentos turísticos.
- b) Actuacións en establecementos de restauración.
- c) Actuacións en establecementos comerciais localizados en zonas turísticas e dirixidos especificamente ao turismo.
- d) Actuacións en establecementos culturais e de ocio.

CAPÍTULO IV

Axudas complementarias aos plans de dinamización turística

Artigo 28. *Obxecto.*

Esta liña de financiamento ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas a realizar actividades complementarias de estudo, promoción e comercialización dos destinos turísticos modernizados. Estas actuacións serán adicionais aos plans de excelencia, dinamización e competitividade do produto turístico que se encontren en vigor.

Artigo 29. *Recursos.*

Os recursos para o financiamento de actuacións complementarias provirán da dotación que para tal efecto establezan anualmente os orzamentos xerais do Estado.

Artigo 30. *Proxectos financiáveis.*

1. Poderán ser obxecto de financiamento con cargo ás axudas para actividades complementarias aos plans de excelencia, dinamización e competitividade do produto turístico as seguintes actividades:

- a) Promoción e comercialización de produtos turísticos do destino.
- b) Campañas de promoción e *marketing* do destino.
- c) Estudo e establecemento de vías de comercialización do destino.
- d) Estudos de demanda e satisfacción.
- e) Actuacións para favorecer a accesibilidade de turistas con discapacidade.

2. O financiamento de actividades complementarias consistirá en axudas por parte do Estado, adicionais aos plans de excelencia, dinamización e competitividade do produto turístico en vigor, e deberán estar ligados á consecución dos seus obxectivos, sen que

sexa exixible ningunha achega por parte das outras administracións públicas que financien eses plans.

Artigo 31. *Beneficiarios.*

1. Poderanse acoller á liña de apoio ás actividades complementarias:

a) As entidades que integran a Administración local, consorcios locais ou asociacións de municipios no prazo de execución da última anualidade do plan, incluíndo as súas prórrogas se as houber, sempre que executasen e presentasen debidamente a xustificación das anualidades anteriores con anterioridade á data de peche da correspondente convocatoria.

b) Tamén se poderán acoller a estas axudas aquelas entidades cuxos plans finalizasen con posterioridade ao peche da convocatoria inmediatamente anterior a aquela a que queren concorrer, sempre que executasen na súa totalidade todas as actuacións do plan, e presentasen debidamente a xustificación de todas as anualidades, con anterioridade á data de peche da convocatoria a que concorren.

2. En todo caso, os posibles beneficiarios destas axudas unicamente poderán presentar a súa solicitude nunha soa convocatoria.

Artigo 32. *Réxime de concesión e convocatoria.*

1. A concesión das axudas para actividades complementarias realizarase en réxime de concorrencia competitiva, conforme os principios establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2007, polo que se aproba o seu regulamento.

2. O procedemento de tramitación e concesión das axudas para actividades complementarias recollerase na orde pola que se aproben as bases reguladoras para a concesión desta liña de axudas.

Estas bases reguladoras deberán contar coa aprobación previa da Conferencia Sectorial de Turismo, como órgano de participación das comunidades autónomas, na súa reunión inmediatamente anterior á súa convocatoria.

3. Por resolución do Instituto de Turismo de España (TURESPAÑA) efectuarase, para cada exercicio orzamentario, a correspondente convocatoria de liña de axudas para actividades complementarias adicionais aos plans.

Artigo 33. *Solicitudes e tramitación.*

1. As entidades que reúnan os requisitos establecidos no artigo 31 presentarán as súas solicitudes, xunto coa documentación que se especifique, ante o órgano competente en materia de turismo da comunidade autónoma respectiva, utilizando para iso calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Recibidas as solicitudes pola comunidade autónoma correspondente, remitiraas xunto cun informe de valoración e priorización destas a TURESPAÑA no prazo máximo de 20 días desde a súa recepción.

3. O informe emitido pola comunidade autónoma será vinculante no caso de ser contrario á concesión da axuda.

Artigo 34. *Concesión e recursos.*

1. Correspóndelle ao presidente de TURESPAÑA ditar as resolucións de concesión ou denegación das axudas para actividades complementarias.

2. Tales resolucións porán fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, e potestativamente poderán presentar requirimento previo ou recurso de reposición, no prazo de dous meses e un mes, respectivamente, a partir da súa notificación, de acordo co disposto no artigo 44.2 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e nos

artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 35. *Reintegro por incumprimento.*

As causas e o procedemento de reintegro das axudas para actividades complementarias aos plans rexeranse polo disposto nos artigos 41 e 42 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o Real decreto 721/2005, do 20 de xuño, polo que se regula a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto pola regra 13.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Industria, Turismo e Comercio para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento do regulado neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN